



Excmo.  
Concello da Estrada

## ***Concello da Estrada: Intercambio xuvenil con Venecia, Italia***

***Convócanse prazas para participar nun intercambio xuvenil con mozas e mozos de Venecia (Italia). Unha iniciativa enmarcada dentro das relacións bilaterais que mantén este concello con distintas entidades doutros países***

***Obxectivo:*** Facilitar o coñecemento doutras realidades socioculturais e lingüísticas para a comprensión da diversidade cultural e favorecer e potenciar a adquisición de habilidades e competencias non formais que faciliten o desenvolvemento persoal.

***Datas de realización do intercambio:*** do 2 de setembro ao 9 de setembro de 2018

***Prazas:*** 10 (acompañados/as de varios coordinadores).

***Lugar de realización do intercambio:*** Venecia (Italia)

***Destinatarios:*** mozos e mozas residentes na Estrada con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos no momento de celebrarse o intercambio.

***Prazo de inscrición:*** do 18 ao 21 de xuño de 2018.

***Inscrición:*** mediante solicitude no Rexistro do concello, acompañada do formulario do Anexo 1. Só se admitirá unha solicitude por participante.

Os erros nos datos facilitados na solicitude de participación ou a omisión dalgún deles pode ocasionar a desestimación da solicitude.

***Admisión:*** farase por rigorosa orde de inscrición, ata cubrir a totalidade das prazas convocadas para o intercambio.

Os/as solicitantes seleccionados/as recibirán o día **22 de xuño** un correo electrónico de confirmación da praza. De non recibilo, entenderase que non a obtivo. Se houbera renuncias dos admitidos elaborárase unha lista de espera.

A lista das persoas seleccionadas e de espera publicarase nesta páxina web municipal.

Nos **cinco días** seguintes á publicación, as persoas seleccionadas deberán remitir a documentación que a continuación se indica ao correo que se lles facilitará no seu momento:

- **Unha copia do billete de transporte adquirido para desprazarse ata o aeroporto máis próximo da cidade destino do intercambio. Non é documento válido a reserva de voo.**

-**Unha copia da Tarxeta Sanitaria Europea.**

Se a persoa interesada non remite estes documentos no prazo establecido perderá a praza.

Se alguén se dera de baixa logo de adxudicárense as prazas, estas ofertaráselles aos solicitantes que figuren na lista de espera, tendo que presentar estes, os billetes e a documentación nos **tres días** seguintes á comunicación.

No caso de que o billete de transporte adquirido fose anulado posteriormente á súa remisión, anularase a praza e considerárase como non adxudicada.

Logo de recibir correctamente as copias dos documentos requiridos, facilitaráselles ás persoas seleccionadas información complementaria sobre o intercambio, así como o lugar e a hora de encontro ademais do nome do aloxamento que ocuparán durante a estada.

Realizarase o intercambio se se demanda un mínimo da metade máis unha das prazas convocadas .

**O día 25 de xuño ás 12:00 horas** celebrarase unha reunión para facilitarlles información complementaria aos admitidos.

#### **Cobertura do intercambio:**

- Aloxamento en réxime de pensión completa en cuarto de uso múltiple

-Transporte no ámbito xeográfico do intercambio

-Actividades organizadas pola entidade de acollida:

\* Coñecemento da entidade de acollida

\* Percorrido cultural polos principais monumentos e museos de Venecia etc.



Excmo.  
Concello da Estrada

**Será a cargo do/a participante:**

- \* Os gastos de desprazamento dende Galicia ata o lugar do intercambio.
- \* A obtención da Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro médico que dea cobertura equivalente durante a duración do intercambio.

**Recomendación de aeroporto máis cercano:**

Aeroporto Internacional Marco Polo.

Aeroporto de Venecia-Treviso (TSF).

Aeroporto de Milan-Bergamo